

Contos da tradición oral de Galicia

O raposo e o lobo na sega [AT-9: The Unjust Partner]

O raposo e o lobo foron segar e díxolle o raposo:

□Vamos partir antes de segar.

E díxolle o lobo:

□Como queiras.

E díxolle o raposo:

□Pois mira, a min dáme do medio pa riba unha miguiña pouco e tu leva o de baixo□dixo□, que a min écheme igual.

E segaron; o raposo colleu do medio pa riba e o outro colleu do medio pa baixo. O raposo fixo unha mao de trigo a base de ben e o lobo non fixo nada.

□¡Pero, como che pasou! ¡Ter tanta meda e eu non ter nada! ¡E tu te-lo trigo todo!.

Dixo o raposo:

□Ai, ho, pois eu deiche a escoller. Escolliche tu o que che deu a gana.

Escollera a espiga e ó lobo deulle a palla.

Recompiladores: Equipo Chaira (M^a Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Mercedes Salvador e Antonio Reigosa)

Informante: Rodolfo Caballero (56 anos).

Lugar e data de recollida: A Xesta, Quende, Abadín (Lugo). Xaneiro de 1993.

Proxecto: Transcrición extraída do □Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da literatura oral do concello de Abadín□. Campaña 1992-1993.

BIBLIOGRAFÍA

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.